

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2011

Coa finalidade de que o alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria de todos os centros escolares de Galicia -públicos, concertados e privados- exprese a súa visión sobre a riqueza da diversidade socio-cultural, a Secretaría Xeral da Emigración, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, organiza o Concurso de Debuxo e Pintura 'Un mundo de cor'.


A celebración do concurso é unha oportunidade para que o profesorado achegue ao alumnado o valor da diversidade socio-cultural como forma de enriquecernos e abrírnos a novas realidades, de xeito que exprese o que lle suxire esta a través de manifestacións artísticas como a pintura, polo que lle solicitamos a súa máxima difusión.

Os traballos reflectirán temas relacionados coa convivencia intercultural, así como cos costumes, usos, vestimenta, folclore, etc. das persoas procedentes doutros países que viven en Galicia. Estes poderán realizarse con calquera material, técnica e soporte e en calquera tamaño.

No concurso establécense tres categorías (alumnado de 1º, 2º e 3º de Primaria; de 4º, 5º e 6º de Primaria; e da ESO) e os traballos achegaranse á Secretaría Xeral da Emigración, a través da Dirección dos centros escolares ata o 23 de maio de 2011.

As bases do concurso poden consultarse e obterse na web da Secretaría Xeral da Emigración www.galiciaaberta.com e no boletín informativo editado dixitalmente na web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es/web/boletininformativo. Agradecendo a súa colaboración, aproveitan para saudarlle,

O Subdirector Xeral
da Emigración


Antonio Aguaron Turrientes

O Subdirector Xeral de Ordenación e
Innovación Educativa e Formación do
Profesorado


Manuel Vila Lopez

Máis información: Secretaría Xeral da Emigración. Enderezo electrónico inmigracion.retorno@xunta.es, web de información www.galiciaaberta.com